



## PROXECTO DE COLABORACIÓN

# Proxecto APOIO AO PACIENTE PEDIÁTRICO DA ÁREA DE ONCOHEMATOLOXÍA

**PROMOTOR:** Club de Leóns de Oleiros

**VIXENCIA:** xullo 2021 [ prórroga anual]

**OBXECTIVO:** Apoio ao paciente e as súas familias, especialmente na área de pacientes con cancro infantil, poñendo en marcha servizos orientados a complementar o traballo que se realiza desde o sistema sanitario e que busca mellorar a calidade de vida do paciente e da súa contorna, durante o proceso asistencial, como parte da comunidade e da sociedade.

**BENEFICIARIOS:** Serán destinatarias as familias con escasos recursos económicos ou persoais con integrantes que padezan enfermidades de longa duración, crónicas, terminais ou altamente limitantes, ingresadas ou en tratamentos do Hospital de Día da Unidade de Oncohematoloxía pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

**ACTUACIÓNS:** As solicitudes canalizaranse a través do servizo de traballo social da Área Sanitaria da Coruña e Cee, que é o servizo de referencia para información e valoración sociosanitaria

